



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

## IES XESÚS TABOADA CHIVITE

Avda. Portugal 116, 32600 VERÍN (OURENSE) · Teléfono 988685070  
ies.xesus.taboada@edu.xunta.es · www.iesxesustaboadachivite.org

### **INFORMACIÓN ALUMNADO FINAL CURSO ESO**

#### **LUNS 27 DE XUÑO**

**Entrega de boletíns:** Entrega ao alumnado por parte dos/as titores/as dos boletíns finais de notas nas aulas dentro das seguintes horas:

- [1º ESO A e B: 10:00h] [1º ESO C e D:10:30h]
- [2º ESO: 11:00h]
- [3º ESO: 11:30h]
- [4º ESO: 12:00h] (\*) Debido á excursión entregaranse o xoves 23.

Teñen unha hora asignada para a compra do sobre de matrícula.

Levarán con sobre, entre outra información, o día e hora de formalización da matrícula

**De 10:30 a 13:00 horas:** O alumnado que desexe visualizar algún exame ou ter algunha aclaración, deberá solicitálo apuntándose na XEFATURA DE ESTUDOS do centro dentro desa franxa horaria.

**De 13:00 a 14:30 horas:** A xefatura de estudos contactará co profesor/a da materia para proceder coa visualización ou aclaración o martes 28 de xuño de 9:00 a 10:00 horas.

#### **MARTES 28 E MÉRCORES 29 DE XUÑO**

**MARTES: De 9:00 a 10:00:** visualización de exames. O Xefe de Estudos indicarlle ao alumnado as pautas sobre as cales, os/as profesores/as das distintas materias, amosarán os exames a visualizar.

**MARTES E MÉRCORES. De 10:00 a 14:00:** reclamación ao departamento (proceso de revisión no centro no caso de que persista o desacordo coa cualificación obtida nunha materia. O alumnado, de ser maior de idade, ou as persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal, de ser menor de idade, deberá cubrir o impreso correspondente na SECRETARÍA do centro.

#### **XOVES 30 DE XUÑO**

**Ás 9:30 horas:** Entregaráselle no despacho de dirección, aos interesados que reclamaron, a resolución do departamento de rectificación ou ratificación da cualificación outorgada.

**De 10:00 a 14:30 horas:** reclamación ante a xefatura territorial de Ourense da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades por desacordo coa resolución do departamento. O alumnado, de ser maior de idade, ou as persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal, de ser menor de idade, poderán presentar na secretaría do centro un escrito (segundo modelo que se entregará na propia secretaría) solicitando que a dirección remita o expediente da reclamación ao organismo anterior.

Este proceso tamén se poderá levar a cabo o **venres 1 de xullo de 8:30 a 11:00 horas.**



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

## IES XESUS TABOADA CHIVITE

Avda. Portugal 116, 32600 VERÍN (OURENSE) · Teléfono 988685070

ies.xesus.taboada@edu.xunta.es · www.iesxesusaboadaachivite.org

# **INFORMACIÓN ALUMNADO** **1º BACHARELATO** **CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA**

### **LUNS 27 DE XUÑO**

**Ás 11:00 horas:** Entrega de boletíns de notas nas aulas.

**De 11:15 a 12:30 horas:** O alumnado que desexe visualizar algún exame, deberá solicitalo apuntándose na SECRETARÍA do centro.

### **MARTES 28 DE XUÑO**

**De 9:00 a 10:00 horas:** visualización de exames. O Xefe de Estudos indicarlle ao alumnado as pautas sobre as cales, os/as profesores/as das distintas materias, amosarán os exames a visualizar.

**De 10:00 a 14:00 horas:** reclamación ao departamento (proceso de revisión no centro no caso de que persista o desacordo coa cualificación obtida nunha materia). O alumnado, de ser maior de idade, ou as persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal, de ser menor de idade, deberá cubrir o impreso correspondente na SECRETARÍA do centro.

### **MÉRCORES 29 DE XUÑO**

**De 10:00 a 14:00 horas:** reclamación ao departamento (proceso de revisión no centro no caso de que persista o desacordo coa cualificación obtida nunha materia). O alumnado, de ser maior de idade, ou as persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal, de ser menor de idade, deberá cubrir o impreso correspondente na SECRETARÍA do centro.

### **XOVES 30 DE XUÑO**

**Ás 09:30 horas:** Entregaráselle no despacho de dirección, aos interesados que reclamaron, a resolución do departamento de rectificación ou ratificación da cualificación outorgada.

**De 10:00 a 14:30 horas:** reclamación ante a xefatura territorial de Ourense da Consellería de Cultura, Educación e Universidade por desacordo coa resolución do departamento. O alumnado, de ser maior de idade, ou as persoas proxenitoras ou persoa que desempeñe a representación legal, de ser menor de idade, poderán presentar na secretaría do centro un escrito (segundo modelo que se entregará na propia secretaría) solicitando que a dirección remita o expediente da reclamación ao organismo anterior.

**Este proceso tamén se poderá levar a cabo o venres 1 de xullo de 8:30 a 11:00 horas.**